

LINGUA GALEGA

TEXTO

Lingüicidio

Prezados colegas, infórmovos dun novo estudo que evidencia que o ensino exerce un forte efecto desgaleguizador nas crianzas desde idades moi temperás. Así, unha nova investigación **da** Real Academia Galega (RAG), desta vez en colaboración co Concello de Ames -próximo a Compostela-, demostra os efectos **nocivos** na lingua propia do decreto do plurilingüismo aprobado coa chegada de Feixoo á Xunta da Galiza. Os resultados **son** preocupantes: na educación secundaria só o 11% do alumnado é galegofalante; un 11% bilingüe e un 77%, españolfalante. **Advirte** a RAG de que o proceso de substitución lingüística do galego polo castelán **comeza** nos primeiros anos e consolídase na adolescencia. De feito, sinálase que os procesos de muda cara ao español aumentan desde os 2-3 anos até os 6-7. Os autores do informe cualifican o medio escolar de "non amigábel" e mesmo de "hostil" para o idioma propio da Galiza. O ensino, **din**, provoca a "**retracción**" do alumnado á hora de empregar o galego como **lingua vehicular** e "tampouco facilita que os castelanfalantes adquiran estas competencias". O panorama é tan triste que máis do 50% do estudantado de Secundaria di non sentirse cómodo á hora de se expresar en público en galego. Estas cifras súmanse as xa aquí expresadas con antelación: o 35% dos estudantes castelanfalantes presentan unha escasa competencia en galego e o 70% do alumnado da ESO fala única ou preferentemente español.

María Obelleiro. *Nós diario*. 09/10/2021 (Adaptación).

CUESTIÓNS

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (en letra negra): lingüicidio, nocivos, retracción, lingua vehicular (1 punto).
2. Faga un esquema coas ideas principais e as ideas secundarias do texto (2 puntos).
3. Explique por que as seguintes palabras do texto levan acento diacrítico (1 punto):
"na educación secundaria **só** o 11% do alumnado **é** galegofalante".
"**máis** do 50% do estudantado de Secundaria di non sentirse cómodo **á** hora de se expresar en público en galego"
4. Conxugue o presente de indicativo e o pretérito perfecto de indicativo dos verbos subliñados no texto: son, advirte, comeza, din (2 puntos).
5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora (4 puntos).

Lingua galega (maiores de 25 anos)

Criterios de corrección

Cuestións:

1. Explique o significado que teñen as seguintes palabras e expresións no texto (marcadas en letra negra): (1 punto).

Sumaranse 0,25 puntos por cada resposta correcta.

Trátase de explicar con frases gramaticalmente correctas o significado específico que estas palabras ou expresións teñen no texto. Abondará con que se perciba que o alumnado entende a palabra e que é capaz de aproximarse ao seu contido, sen que se esixa unha definición exacta. Pódense atribuír puntuacións parciais segundo a precisión da resposta.

2. Elabore un esquema coas ideas principais e secundarias do texto (2 puntos).

Deben enumerarse as ideas principais e secundarias do texto, de xeito que resulta fundamental que prioricen que contidos consideran máis relevantes. Non se consideran válidos resumos ou paráfrases do artigo. Puntuacións parciais poden ser atribuídas a respostas incompletas ou con faltas de precisión e exactitude.

3. Explique por que as seguintes palabras do texto levan acento diacrítico (1 punto).

Atribúese 0,25 puntos a cada unha das palabras correctamente indicada.

4. Conxugue o presente de indicativo e o pretérito perfecto de indicativo dos verbos subliñados no texto (2 puntos).

Asignáse 0,25 puntos a cada unha das formas verbais correctamente conxugadas. Non se considerarán válidas as respostas que unicamente indiquen unha persoa ou que non completen as seis formas de cada tempo, nin aquelas que inclúan algunha forma incorrecta.

5. Escriba un comentario crítico sobre o tema do texto, engadindo argumentos propios a favor ou en contra da opinión da autora (4 puntos).

De acordo co programa desta materia, o alumnado debe escribir un comentario crítico no que demostre a súa capacidade de expresar de maneira organizada e razoada ideas sobre o tema do texto,

poñendo en relación os aspectos máis relevantes deste cos coñecementos, ideas e experiencias propias. No comentario someteranse a xuízo crítico as ideas do texto e a súa intención, evitando as paráfrases, resumos ou a repetición do seu contido. As persoas que se examinan deben expoñer os seus argumentos de maneira organizada, producindo un texto redactado con coherencia e cohesión, por medio dos recursos lingüísticos apropiados e correctos.

Na avaliación deste comentario valorarase a pertinencia dos argumentos, pero sobre todo a correcta construción do texto (organización da información) e a adecuación e a corrección lingüística (redacción, adecuación do nivel de lingua, gramática, léxico, ortografía, puntuación).